



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ENTIDADE OBRADOIRO CAB SAD PARA DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “O CAMIÑO REMATA NO OBRADOIRO”

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia ten previsto formalizar coa entidade OBRADOIRO CAB SAD o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de xullo de 2016.

Que o instrumento convencional ten por **obxecto**:

Dar a coñecer o Camiño de Santiago e os seus valores cun proxecto que engloba unha serie de actividades que vai protagonizar este ano o deportista de elite Juan Antonio Corbalán, ex-xogador do baloncesto nacional, quen virá, acompañado de diferentes personalidades e afeccionados, a facer o Camiño Primitivo, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en 2015, coa meta de difundilo e reforzar esta declaración no mundo xacobeo no mercado español. Lugo será o punto de inicio do proxecto, rematando na Praza do Obradoiro, onde se realizará un gran acto solidario.

Entre outras accións ademais da realización do documental “O Camiño remata en Obradoiro”, terá lugar unha presentación do mesmo que se realizará a través dunha rolda de prensa na que se amosará por vez primeira en público o sitio web do proxecto 2016, ademais publicitaranse as actuacións en autobuses das cidades de Madrid e Barcelona e terá lugar un partido adicado á promoción do Camiño na cidade de Santiago de Compostela.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

I. Que a entidade Obradoiro CAB, SAD, é unha sociedade anónima deportiva propietaria dun equipo de baloncesto que participa na liga profesional española da Asociación de Clubes de Baloncesto (ACB), que conta cun recoñecido prestixio e historia dentro do baloncesto profesional español.

Obradoiro CAB, SAD ten entre os seus obxectos a promoción e difusión da práctica deportiva, especialmente entre os máis xóvenes e debido a súa participación na Liga ACB a incidencia e repercusión mediática é notoria tanto a nivel local e provincial como rexional e nacional.

II. Que a Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

III. Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

IV. Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución dos fins comúns de interese público, social, económico e humanitario, expostos nos puntos anteriores, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción deste convenio

IV. Obradoiro CAB, SAD é a única entidade que pode desenvolver este proxecto vinculado á promoción conxunta do Camiño de Santiago e a dita entidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos